

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS JUAN RODÉS, RÍO HORTEGA E INTENSIFICACIÓN CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS) , A TRAVÉS DA FIDIS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, formalizaron o 15/02/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante catro anualidades (2024-2027)

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Juan Rodés, Río Horteiga e Intensificación concedidos ao IDIS a través da FIDIS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia na Resolución de data 17 de marzo de 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Dirección do Instituto de Salud Carlos III O.A., M.P., ditou en data 17 de marzo do 2023 a Resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ó ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade Juan Rodés cuxo obxecto é a contratación de persoal facultativo con experiencia en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde, nos centros asistenciais públicos que forman parte dos IIS e, por outra parte, a concesión de axudas para a creación e cobertura do conseguente posto de traballo de carácter permanente en ditos centros unha vez teña rematado a axuda, de acordo con artigo 85.1 da Lei 14/2007, de 3 de xullo e o artigo 60.5 da presente resolución, formalizouse unha solicitude para tres persoas candidatas.

En data 13 de decembro de 2023 ditou Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese a axuda solicitada, para a contratación dos candidatos propostos.

Ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade Río Hortega cuxo obxecto é a contratación de profesionais, exclusivamente nas entidades sanitarias de titularidade pública de entre as contempladas no artigo 5.1 apartado 2º da Orde de bases, con actividade clínico asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán coa actividade asistencial correspondente a súa especialidade, formalizouse unha solicitude para un candidato proposto

En data 13 de decembro de 2023 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese as axudas solicitadas, para a contratación do candidato proposto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

